



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES
Camiño Caseiro, s/n
36314 Vigo (Pontevedra)
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137
E-mail: ceip.igreja.valadares@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

PLAN DE ORIENTACIÓN



PO



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES
Camiño Caseiro, s/n
36314 Vigo (Pontevedra)
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137
E-mail: ceip.igrexa.valadares@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

ÍNDICE:	Páx.
1.- <u>INTRODUCCIÓN</u>	
2.- <u>MARCO LEGAL</u> <ul style="list-style-type: none">• 2.1.- MARCO LEGAL XERAL• 2.2.- MARCO LEGAL ORIENTACIÓN EDUCATIVA	
3.- <u>XUSTIFICACIÓN CONCEPTUAL</u>	
4.- <u>XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO</u> <ul style="list-style-type: none">• 4.1. O CEP PLURILINGÜE IGREXA VALADARES• 4.2.- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN<ul style="list-style-type: none">○ 4.2.1.- <i>COMPOSICIÓN C</i>○ 4.2.2.- <i>TEMPORALIZACIÓN DE REUNIÓNS E VISITAS</i>	



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES
Camiño Caseiro, s/n
36314 Vigo (Pontevedra)
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137
E-mail: ceip.igrexa.valadares@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

5.- OBXECTIVOS

- 5.1. RESPECTO AO CENTRO
- 5.2. RESPECTO AO ALUMNADO
- 5.3. RESPECTO AOS PROFESORADO
- 5.4. RESPECTO AS NAIS E PAIS
- 5.5. RESPECTO A OUTROS ORGANISMOS

6.- DEFINIÇÃO DE ACCIÓNS PRIORITARIAS

- 6.1. ACTUACIÓNS RELACIONADAS COA INCLUSIÓN E A DIVERSIDADE
- 6.2. ACTUACIÓNS RELACIONADAS COA ACCIÓN TITORIAL
- 6.3. ACTUACIÓNS RELACIONADAS COA CONVIVENCIA E A EDUCACIÓN EN VALORES
- 6.4. ACTUACIÓNS RELACIONADAS CO PLAN DE ORIENTACIÓN, CO PLAN ANUAL E COA MEMORIA
- 6.5. ACTUACIÓNS RELACIONADAS COS PROCESOS DE AVALIACIÓN E CALIDADE
- 6.6. ACTUACIÓNS RELACIONADAS CO DRDORIENTA

7.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

8.- CRITERIOS E FORMAS DE AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN

- 8.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN
- 8.2. FORMAS DE AVALIACIÓN DO PLAN

9. ANEXOS

- ANEXO I: PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (PXAD)



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES
Camiño Caseiro, s/n
36314 Vigo (Pontevedra)
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137
E-mail: ceip.igrexa.valadares@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- ANEXO II: PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.
- ANEXO III: PROTOCOLOS E DOCUMENTOS DE ORIENTACIÓN

10.- APROBACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES
Camíño Caseiro, s/n
36314 Vigo (Pontevedra)
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137
E-mail: ceip.igreja.valadares@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

1.-INTRODUCCIÓN:

Enténdese que a Orientación Escolar debe ir dirixida a tódolo alumado, non só a aqueles que teñan dificultades na súa aprendizaxe. É necesario que cumpra os **principios de prevención, desenvolvemento e intervención social**.

Para levar adiante unha orientación deste tipo recórrase á **avaliación inicial dos grupos e á aplicación de programas de intervención psicopedagóxica na aula**. É necesario integrar aspectos do desenvolvemento persoal do proceso ensino-aprendizaxe, e os relacionados coa toma de decisións, aínda que de momento centrarémonos nos dous primeiros aspectos. Apóiasse no modelo "sociopsicopedagóxico", que sitúa prioritariamente o problema nas características do contexto e non no alumno como única fonte do problema (modelo clínico). Trátase de centrar a nosa atención na institución educativa, na comunidade e no entorno social no que está emprazado, porque enténdese que son as condicións contextuais as que mellor explican as dificultades de aprendizaxe.

Por todo isto, os obxectivos e actividades programadas van dirixidas ao Centro educativo en xeral, ao equipo de profesorado que inciden no alumnado, e as familias. É necesario que entre todos estes estamentos exista **coordinación**. Para conseguir isto, procurarase crear un **clima de relación e traballo en equipo** no Departamento de Orientación, pois de non conseguir isto, dificilmente se poderá influír en tódolos axentes que inciden nos nenos.



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES
Camiño Caseiro, s/n
36314 Vigo (Pontevedra)
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137
E-mail: ceip.igrexa.valadares@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

2.- MARCO LEGAL

Entre a normativa que cómpre ter en consideración, e que guía este Plan, destaca:

2.1.- MARCO LEGAL XERAL

- 1. Lei Orgánica 2/2006 de maio de Educación. (BOE de 4 de maio).*
- 2. Decreto 254/2012, do 13 de decembro polo que se regula a admisión do alumnado en centros sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na LOE. (DOG do 26 de decembro).*
- 3. Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, (...) en centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 15 de marzo de 2013).*
- 4. LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.*
- 5. DECRETO 8/2015, de 8 de enero, polo que se desenvolve aa Lei 4/2011, de 30 de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*
- 6. Decreto 374/1996 de 17 de outubro polo que se aproba o Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria.*
- 7. Orde do 22 de xullo de 1997 (DOG 02-09-1997), da Consellaría de EOU, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de*



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES
Camiño Caseiro, s/n
36314 Vigo (Pontevedra)
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137
E-mail: ceip.igrexa.valadares@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria.

8. *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.*
9. *Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.*
10. *Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 10 de xullo de 2009).*
11. *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 9 de setembro de 2014)*
12. *Orde do 9 de xuño 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 10 de xuño).*

2.2.- MARCO LEGAL ORIENTACIÓN EDUCATIVA

1. *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*
2. *Decreto 120/1998, do 23 de abril (DOG 27-04-1998), polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.*



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES
Camiño Caseiro, s/n
36314 Vigo (Pontevedra)
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137
E-mail: ceip.igreja.valadares@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

3. *Orde do 24 de xullo de 1998 (DOG 31-07-1998), da Consellaría de EOU, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.*
4. *Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización (D.O.G. do 19 de decembro de 1996).*
5. *Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual. (D.O.G. do 28 de novembro).*
6. *Orde do 27 de decembro de 2002, da Consellería de EOU (DOG 07-11-1995) (DOG 30-01-03), pola que se establecen as condicións e os criterios para a escolarización, en centros sostidos con fondos públicos, do alumnado de ensino non universitario con n.e.e.*
7. *Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral (D.O.G. nº 213 do 7 de novembro de 1995).*
8. *Orde do 20 de febreiro de 2004 que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro. (DOG nº 40 do 26 de febreiro).*



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES
Camiño Caseiro, s/n
36314 Vigo (Pontevedra)
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137
E-mail: ceip.igrexa.valadares@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

9. *CIRCULAR 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.*
10. *Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se dictan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.*
11. *LEI 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia*
12. *REAL DECRETO 943/2003, de 18 de julio, por el que se regulan las condiciones para flexibilizar la duración de los diversos niveles y etapas del sistema educativo para los alumnos superdotados intelectualmente.*
13. *LEI 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.*

3.- XUSTIFICACIÓN CONCEPTUAL

O Plan de Orientación (**PO**), é o instrumento que articula a **orientación académica** do centro baseándose no desenvolvemento integral da personalidade humana, dando resposta á calidade do ensino. O **PO**, é elaborado seguindo as propostas do **Claustro** e baixo as directrices da **CCP**.



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES
Camiño Caseiro, s/n
36314 Vigo (Pontevedra)
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137
E-mail: ceip.igreja.valadares@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O **Departamento de Orientación** será o responsable de **elaboralo** e contribuirá de forma directa ó seu **desenvolvemento**. O Plan de Orientación marcará as prioridades que temos e está aberto a novas suxerencias. Os alumnos/as os que vai dirixido este PO están repartidos entre os cursos da Educación Primaria e os tres cursos de Educación Infantil (Escola adscrita)

Os ámbitos de actuación deste PO serán:

- Alumnos/as: individual ou en grupo
- Titores/as e profesores/as
- Familias: entrevistas personais e charla en grupo para os pais/nais

4.-XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO:

Para programar a nosa acción de forma eficaz, debemos coñecer as peculiaridades do contorno ao que vai dirixida e no que se vai desenvolver: características do alumnado, profesorado e familias, organización do centro educativo, medios materiais, recursos humanos, etc.

Recollemos a continuación algúns destes datos que debemos ter presentes:

4.1. O C.E.P PLURILINGÜE IGREXA VALADARES

O CEP Plurilingüe Igrexa-Valadares consta de 7 unidades. Está situado na parroquia de Valadares, no Concello de Vigo. O claustro está formado por, 7 profesores/as de primaria, 4 especialistas a tempo completo (EF, música, inglés, pedagogía terapéutica), 3 itinerantes (Orientación, audición e linguaxe e relixión), ademais da contar coa mestra ARCO e PROA, sempre que poda ser soicitada e concedida



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES
Camíño Caseiro, s/n
36314 Vigo (Pontevedra)
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137
E-mail: ceip.igreja.valadares@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O centro adscrito de infantil é a EEI Plurilingüe Monte Alba e o centro adscrito de secundaria é o IES Valadares

O centro está nunha zona rural-urbana. Dispón de transporte e comedor escolar. Conta con ANPA que encárgase de xestionar as actividades extraescolares e servizos tales como aula matinal ou servizo de gardería despois do comedor escolar (sen pandemia).

O profesorado do centro ten formación en Educación Responsable no que a través de diferentes áreas e de forma conscente, traballamos coas emocións, ademais de formarnos en ferramentas dixitais, aulas virtuais, edixgal dende o curso 21-22, fotografía en curso, cooperativa, aula creativa e proxectos varios dentro de Contratos Programa (Mediación, Inclúe-t, Iguala-t...) e Plans Proxecta (Coñecendo o Norte,...), así como a preocupación constante pola convivencia do centro dende unha perspectiva de educación responsable e conscente, o bo trato, o respecto a diversidade sexual así como a igualdade de dereitos entre mulleres e homes identificando condutas non adecuadas para modificar e poder transformar a sociedade.

4.2.- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

4.2.1.- COMPOSICIÓN DO C.E.P PLURILINGÜE IGREXA VALADARES

- **Xefa do Departamento:** Susana Espinar
- **-Mestra de Pedagogía Terapéutica:** Rosa OJea
- **-Mestra de Audición e Linguaxe:** Provisional / interina e itinerante
- **Coordinadores de Nivel/Ciclo**



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES
Camiño Caseiro, s/n
36314 Vigo (Pontevedra)
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137
E-mail: ceip.igreja.valadares@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

4.2.2.-TEMPORALIZACIÓN DE REUNIÓN E VISITAS:

- Reunións do **Departamento orientación**: Este Departamento reunirse os **2º martes de cada mes de 16.30 a 17.30 h.** de forma ordinaria, modificando dita periodicidade se fose necesario segundo o desenvolvemento do curso.
- Reunións coas mestras **de AL e PT (ARCO E PROA, se houbera)**: Realizaremos unha reunión semanal , pero haberá colaboración e intercambio de información continuada para a coordinación na atención ás necesidades do alumnado.
- Reunións da **CCP**; a CCP reunirse como mínimo unha vez ao mes, en concreto o **4º martes de cada mes de 17.00 a 18.00 h**
- Ademais realizaranse **outro tipo de reunións**, (cos titores/as, cos coordinadores, con pais/nais...), ás que a xefa do departamento asistirá cando sexa preciso.
- Nestas reunións trataranse temas relativos a Orientación, coordinación do traballo, seguimento dos casos, reforzos educativos... e realizaranse os traballos que o Departamento propoña.
- Planifícanse visitas co **IES VALADARES 4)**, ó que estamos adscritos para reunirnos co Xefe do departamento de orientación do centro.

Esta programación faise tendo en conta as necesidades e características do Centro e será flexible atendendo ás necesidades.

5.- OBXECTIVOS:

5.1. RESPECTO AO CENTRO:



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES
Camíño Caseiro, s/n
36314 Vigo (Pontevedra)
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137
E-mail: ceip.igrexa.valadares@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- Crear un **clima de relación**, traballo en equipo, e colaboración con reparto de tarefas.
- Establecer unha boa **coordinación co equipo directivo** do Centro e co **profesorado**. Procurarase que exista unha información fluída e un intercambio de opinións e propostas.
- Intentar **dotar** ao Departamento de Orientación de **recursos e materiais** necesarios, para o desempeño eficiente do seu traballo.
- **Participar na** Comisión de Coordinación Pedagóxica (**CCP**) para a elaboración de medidas de atención á diversidade así como colaboración nos proxectos de centro.

5.2. RESPECTO AOS ALUMNOS/AS:

- **Desenrolar e potenciar a orientación a tódolos alumnos/as** en función das súas características, capacidades e necesidades propias, facendo especial fincapé nos alumnos que precisan unha especial atención.
- **Axudarlles nos momentos claves**, como ingreso no centro e cambio de ciclo ou etapa a través dos plans de acollida a alumnos novos e facer a orientación de optativas ós alumnos que rematan a Educación Primaria.
- **Facilitar reforzos pedagóxicos** a aqueles alumnos/as que o necesiten, colaborando na realización de adaptacións curriculares (AC) e nos reforzos educativos.



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES
Camiño Caseiro, s/n
36314 Vigo (Pontevedra)
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137
E-mail: ceip.igrexa.valadares@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

5.3. RESPECTO AOS MESTRES/AS:

- **Aportarlles información e orientarlles** sobre o resultado da avaliación psicopedagóxica dos seus alumnos/as, tendo en conta as características de cada un deles.
- **Colaborar na prevención, detección e orientación de problemas ou dificultades educativas**, de desenrolo e aprendizaxe que presentan os seus alumnos, elaborando, na medida das súas posibilidades, estratexias e medios para a súa intervención.
- **Orientalos nos procesos de avaliación, recuperación, reforzo educativo, apoio psicopedagóxico, criterios de promoción e posibles consecuencias.**
- **Asesorar e ofrecer recursos ao Equipo Directivo** e profesorado para mellorar a atención á diversidade.
- **Asesorar ó profesorado na utilización de técnicas de traballo intelectual** que melloren o rendemento escolar.
- **Animalos para que se integren funcionalmente no Departamento.** Pedirlles a súa colaboración na organización e desenrolo das actividades propostas por eles ou polo Departamento.
- **Fomentar a participación do profesorado en cursos de formación** que teñan relación coas necesidades do Centro.
- **Asesorar ós titores e ó profesorado en xeral na cumprimentación da documentación académica do alumnado**, en especial dos que reciben medidas de atención á diversidade, propondo as oportunas modificacións.



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES
Camíño Caseiro, s/n
36314 Vigo (Pontevedra)
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137
E-mail: ceip.igreja.valadares@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

5.4. RESPECTO AOS PAIS:

- Fomentar e **facilitar a relación familia-titor-demaís profesores** para a busca de solucións aos problemas ou dificultades que todo alumno en maior ou menor grao atopa ó longo da súa aprendizaxe.
- **Asesorar e orientar á familia** tanto de forma colectiva coma individual para que asuma a súa responsabilidade na formación dos seus fillos.
- **Incentivar a súa colaboración para o desenrolo de actividades** ou programas que se realizan no Centro, potenciando así a relación entre pais e profesores.
- **Implicar ás familias no proceso educativo dos seus fillos** coa finalidade de mellorar as relacións sociais e a convivencia nos centros.

5.5. RESPECTO A OUTROS ORGANISMOS:

- **Coordinarse** co entorno social en xeral: **institucións educativas, de servizos sociais, de saúde**, etc., para buscar conxuntamente solucións que se poden empregar no marco escolar.
- **Facilitar vías de solucións** aos problemas ou dificultades que non se poden resolver no propio Centro.
- **Participar no desenvolvemento de programas** que elabore ou promova o equipo de orientación específico.



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES
Camiño Caseiro, s/n
36314 Vigo (Pontevedra)
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137
E-mail: ceip.igrexa.valadares@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

6.- DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS:

Seguindo a circular **10/2010** nas que se **dictan instrucións** para unificar as actuacións e **establecer as accións prioritarias**, consideramos:

6.1.- ACTUACIÓNS RELACIONADAS COA INCLUSIÓN E A DIVERSIDADE.

Asesorar ao equipo directivo sobre o **contido do proxecto educativo e os documentos que o integran**, especialmente sobre as medidas de atención á diversidade e a acción titorial.

Elaborar e poñer en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.

Axustar as propostas de apoio educativo á realidade de cada alumna ou alumno, con intervencións inclusivas e orientadas polo potencial de aprendizaxe do alumnado.

Asesorar aos departamentos, equipos de ciclo e profesorado en xeral nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das programacións de curso e/ou ciclo, das medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares.

Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa **sobre as diferentes medidas e recursos** para a **atención** do alumnado con necesidade específica de apoio educativo (**ACNEAE**).

6.2.- ACTUACIÓNS RELACIONADAS COA ACCIÓN TITORIAL.

Colaborar co profesorado titor no desenvolvemento das medidas contempladas no plan de acción titorial (**PAT**), asesorando á totalidade da comunida-



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES
Camíño Caseiro, s/n
36314 Vigo (Pontevedra)
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137
E-mail: ceip.igreja.valadares@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

de educativa sobre o sistema educativo, os procesos de admisión, as accións de acollida, os cambios de centro e a participación na organización e no goberno dos centros.

Colaborar cos diferentes equipos docentes no deseño e elaboración de protocolos para a realización da **avaliación inicial** do alumnado.

6.3.- ACTUACIÓNS RELACIONADAS COA CONVIVENCIA E A EDUCACIÓN EN VALORES.

Deseñar e poñer en práctica programas destinados á promoción da convivencia e á resolución pacífica dos conflitos, asesorando na elaboración do plan de convivencia do centro.

Asesorar á comunidade educativa sobre a elaboración e aplicación das **normas de organización e funcionamento**.

6.4.- ACTUACIÓNS RELACIONADAS CO PLAN DE ORIENTACIÓN, CO PLAN ANUAL E COA MEMORIA.

Manter actualizado o plan de orientación, concretando no plan anual do departamento as actuacións previstas para o curso, os seus destinatarios, os responsables da súa execución e a temporalización correspondente.

Realizar a memoria final do curso en base ao desenvolvemento do plan anual, cunha adecuada fundamentación das propostas de mellora que procedan para o curso seguinte.



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES
Camiño Caseiro, s/n
36314 Vigo (Pontevedra)
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137
E-mail: ceip.igreja.valadares@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

6.5.- ACTUACIÓNS RELACIONADAS COS PROCESOS DE AVALIACIÓN E CALIDADE.

Colaborar nos diferentes procesos de **avaliación** do centro, nos termos que se establezan.

Asesorar á totalidade da comunidade educativa sobre os **proxectos de melloira e calidade do sistema educativo**.

6.6.- ACTUACIÓNS RELACIONADAS CO DRDORIENTA.

Facilitar, en forma e prazo, a **información que se demanda** na aplicación informática drdorienta.

7.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN:

A resposta ás necesidades educativas específicas (**NEE**) do centro farase **desenrolando programas específicos**. Ditos programas divídense en dous tipos: **Programas de prevención e programas de intervención**. A diferenza entre ambos estriba no seguinte: os programas de prevención son aqueles no que a acción educativa tende a evitar a aparición de determinadas anomalías e trastornos, mentres que os programas de intervención tratan de solucionar problemas e carencias xa existentes no alumno/a.

Ambos tipos de programas teñen cabida no contexto escolar, xa que a atención á diversidade vai dende as medidas máis ordinarias e xerais ás máis específicas e significativas.

De prevención para o centro: están incluídos no **PAT** e póñense en marcha nas horas de titoría. Algúns destes programas serán aplicados cada ano como o programa de preparación para a ESO, plan de acollida para Educación Infantil, plan de prevención de dificultades de aprendizaxe, programa de



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES
Camíño Caseiro, s/n
36314 Vigo (Pontevedra)
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137
E-mail: ceip.igreja.valadares@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

prevención de dificultades na linguaxe oral,... e outros serán aplicados en función das necesidades como o programa de habilidades sociais, programa de sensibilización contra o acoso escolar, programa de prevención de dificultades na lectoescritura, programa de desenvolvemento de técnicas de estudo,...

De intervención para alumnos/as con NEAE: programa cognitivo-conductual, programa de modificación de conducta, programa instrumental para altas capacidades, programa para estranxeiros (adquisición de linguas), programa de dificultades de aprendizaxe,...

No que atinxe ás **estratexias de intervención** contemplamos as que teñen que ver coa orientación académica (**Plan Xeral de Atención á Diversidade**) e coa acción titorial (**Plan de Acción Titorial**). Delas tratamos a continuación.

7.1. O Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD)

Atender á diversidade implica a acomodación da escola ás necesidades de todos/as os alumnos/as, o que esixe facer os axustes e adaptacións precisas en todos os elementos do proceso educativo.

Neste senso, as decisións que se toman no centro tratan de dar resposta á totalidade do alumnado, como paso previo á individualización e axuste da propia ensinanza na aula e do servizo educativo considerado globalmente.

A nosa escola asume, pois, o tratamento da diversidade establecendo estratexias e medios educativos que permitan o desenvolvemento óptimo de todo o alumnado, adaptando para iso os elementos do currículo e provéndoo dos servizos necesarios que, dada a complexidade e pluralidade de aspectos que deben considerarse, entendemos deben articularse mediante o **Plan Xeral de Atención á Diversidade. (Anexo I)**.



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES
Camiño Caseiro, s/n
36314 Vigo (Pontevedra)
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137
E-mail: ceip.igrexa.valadares@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

7.2. A acción tutorial. O Plan de Acción Tutorial (PAT)

O labor docente non pode realizarse á marxe dunha acción tutorial permanente, e esta acción, encomendada maioritariamente ao profesorado titor, non debe abordarse unicamente desde os esforzos individuais do profesorado; debe ser unha tarefa na que se implique todo o centro, coidadosamente planificada e consensuada polos membros da comunidade educativa. Agora ben, sendo función do Departamento de Orientación a elaboración de propostas de acción tutorial, cómpre subliñar que a súa concreción e implementación debe ser responsabilidade da totalidade do profesorado, especialmente dos titores.

Dada a importancia destas actuacións resulta obvio estruturalas arredor dun plan, o ***Plan de Acción Tutorial. (Anexo II)***.

8.- CRITERIOS E FORMAS DE AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN.

Entendemos que este plan de orientación, mesmo a maioría das actuacións que se desenvolven arredor do proceso de ensino-aprendizaxe, non acadará os niveis adecuados de calidade e funcionalidade se non é obxecto dun permanente seguimento, revisión e actualización. Por iso, entendemos que é necesario realizar un **seguimento da implementación do plan e unha avaliación final del.**

8.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Os criterios que nos van permitir facer un seguimento e/ou avaliación do plan de orientación serán:



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES
Camiño Caseiro, s/n
36314 Vigo (Pontevedra)
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137
E-mail: ceip.igreja.valadares@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

A realización das actuacións previstas, en especial no que atinxe ao PXAD e ao PAT (cos correspondentes programas).

- A elaboración de documentos e/ou materiais (circulares, cuestionarios, ...).
- O funcionamento dalgún seminario, grupo de traballo e/ou proxecto de formación.
- A celebración das reunións establecidas e o grao de asistencia a elas.
- A atención das demandas recibidas.
- A participación nas distintas modalidades de atención ao alumnado con n.e.e.
- A opinión dos propios membros/as así coma do resto do profesorado.

8.2. FORMAS DE AVALIACIÓN DO PLAN:

Para a avaliación deste plan de orientación utilizaremos as seguintes formas e/ou instrumentos:

- A relación das actuacións realizadas, dentro das previstas.
- A xustificación das accións previstas e non realizadas.
- A relación e xustificación das modificacións e/ou actuacións introducidas.
- A porcentaxe de participación do profesorado en cursos, grupos de traballo e/ou proxectos de formación.
- O número de reunións ordinarias e extraordinarias celebradas.
- A porcentaxe de participación nas reunións do Departamento.
- O número de demandas recibidas.



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES
Camiño Caseiro, s/n
36314 Vigo (Pontevedra)
Teléfono: 886 111135 FAX: 886 111137
E-mail: ceip.igreja.valadares@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/cepigrexavaladares/>



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- O número de demandas atendidas.
- A cantidade e relación de instrumentos e/ou documentos elaborados.
- Un cuestionario que recolla a opinión dos propios membros do Departamento e que recollemos no Anexo III (Documento 1)
- A avaliación do propio PAADO.

9.- ANEXOS.

Inclúense como anexos o **Plan Xeral de Atención á Diversidade (anexo I)**, o **Plan de Acción Titorial (anexo II)** cos correspondentes subprogramas que o conforman e os **documentos, protocolos e cuestionarios de avaliación aos que se fai referencia (anexo III)**.

10.- APROBACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN.

Este Plan de Orientación foi aprobado nunha reunión ordinaria do Consello Escolar celebrada o día